

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 3 DE XULLO DE 2007.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as once horas e tres minutos do día tres de xullo do ano dous mil sete, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese o Concello Pleno, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente de D. Xosé Fernández Barcia, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Carolina Cruz Fernández, D. Xosé Antonio Bouza Rey, D. Moisés Rivadulla Fernández, Dna. M^a. Anxos Díaz Prados, D. Juan Antonio Fernández Ameneiro, D. Ignacio Fernández Fernández, Dna. María África Pérez Filgueiras, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Begoña María Gómez Díaz, Dna. María del Pilar Díaz Otero e D. Manuel Eugenio Fariña Doval. Asiste tamén a Interventora, D^a. Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 16.06.2007.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión constitutiva realizada o día dezaseis de xuño do actual.

2.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS E DESIGNACIÓN DE VOCEIROS/AS.

Dáse conta da constitución dos grupos políticos municipais así como da designación de voceiro/a titular e suplente por cada un deles, quedando integrados do seguinte xeito:

GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

Moisés Rivadulla Fernández (voceiro titular)
Xosé Antonio Bouza Rey (voceiro suplente 1)
Carolina Cruz Fernández (voceira suplente 2)
Anxos Díaz Prados (voceira suplente 3)
Xosé Fernández Barcia (voceiro suplente 4)

PSdeG-PSOE

Juan A. Fernández Ameneiro (voceiro titular)
Ignacio Fernández Fernández (voceiro suplente 1)
M^a. África Pérez Filgueiras (voceira suplente 2)

GRUPO POPULAR (PP)

Juan Domingo de Deus Fonticoba (voceiro titular)
Emilio Varela Deibe (voceiro suplente 1)
Begoña María Gómez Díaz (voceira suplente 2)

INDEPENDIENTES POR MUGARDOS IPMU)

Manuel E. Fariña Doval

ESQUERDA UNIDA-IZQUIERDA UNIDA (EU-IU)

Pilar Díaz Otero

O Pleno do Concello dáse por enterado.

3.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E TENENTES DE ALCALDE.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 373/2007, de data 19.06.07, relativa ao nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local, nomeamento de Tenentes de Alcalde e delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Sr. Alcalde: En todo caso, penso que a tedes todos os grupos, pero facer constar que a primeira tenente de alcalde é Dna. Carolina Cruz Fernández, o segundo tenente de alcalde é D. Xosé Antonio Bouza Rey, o terceiro tenente de alcalde é D. Moisés Rivadulla Fernández, e a 4ª tenente de alcalde é Dna. Anxos Díaz Prados.

O Pleno do Concello dáse por enterado.

4.- PERIODICIDADE SESIÓNS PLENO E XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sr. Alcalde: A periodicidade das sesións ordinarias do Pleno da Corporación Municipal será mensual, e as sesións celebraranse o último venres de cada mes, ás dezanove horas, agás nos meses de verán, que serán ás vinte horas. A proposta que se trae..., dicir que os meses de verán serían xuño e xullo, e creo que hai un erro de transcripción, porque aquí vén que nos meses de agosto e decembro non se farían, pero creo que os demais grupos queren que se fagan; en todo caso, a proposta é que haxa todos os meses un Pleno. E logo, segundo, a periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, que será quincenal, e o día e hora fixarase pola Alcaldía.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Un segundo, só por clarificación. Onde pon nos meses de verán poría xuño, xullo e agosto e o outro suprimírase?

Sr. Alcalde: Si, e nos meses de verán sería ás vinte horas.

Acto seguido sométese a votación o asunto e o Pleno da Corporación por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á proposta da Alcaldía, coa modificación antes reseñada e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

Primeiro.- A periodicidade das sesións ordinarias do Pleno da Corporación Municipal será mensual, e as sesións celebraranse o último venres de cada mes, ás dezanove horas, agás nos meses

de verán (xuño, xullo e agosto), que se celebrarán ás vinte horas. Se o día de celebración coincidise cun día festivo, celebraríanse o primeiro día hábil anterior.

Segundo.- A periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local será quincenal, en día e hora a fixar pola Alcaldía.

5.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E DA COMISIÓN DE CONTAS

Sr. Alcalde: A proposta da Alcaldía sería:

- 1.- COMISIÓN DE URBANISMO E INDUSTRIA
- 2.- COMISIÓN DE OBRAS, SERVIZOS, PERSOAL, MEDIO AMBIENTE E PARQUES.
- 3.- COMISIÓN DE FACENDA E PATRIMONIO
- 4.- COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E SANIDADE.
- 5.-COMISIÓN DE CULTURA, DEPORTES, ENSINO, MOCIDADE E POLÍTICA LINGÜÍSTICA
- 6.- COMISIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, FORMACIÓN, EMPREGO E TURISMO
- 7.- COMISION ESPECIAL DE CONTAS

Todas as comisións constarán de seis membros, esa é a proposta que ía da Alcaldía, un por cada grupo político municipal, agás o BNG que terá dous, proporcional á súa representación. E aquí acabaría, porque hai tamén unha transcripción aquí que non é correcta, e acabaría no punto ese.

Sr. Rivadulla Fernández: A proposta da Alcaldía é moi similar a unha que lle foi presentada polos grupos da oposición, pero sen embargo queremos facer unha pequena corrección, un pequeno axuste que creemos que vai ser asumido pola maioría do Pleno. Sería que a composición, gardando un criterio de proporcionalidade, fose en cada comisión informativa, o BNG tería dous representantes, e o partido socialista e o partido popular terían dous representantes en tres comisións informativas e un representante nas outras tres, a elección entre eles, e os outros dous grupos terían un representante en cada comisión.

Sr. Alcalde: Imos ver..., estame apuntando o secretario que tería que fixarse en cales o partido socialista e o partido popular estarían, porque senón teríamos que volvelo traer a Pleno.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Nós solicitamos un receso de cinco minutos.

INCIDENCIA: Faise constar que neste momento, sendo as 11,10 horas, faise un receso duns minutos, reanudándose a sesión ás 11,14 h.

Sr. Alcalde: Reanudamos o Pleno. Entón, se se pode saber as persoas que designan os grupos políticos...

Sr. Fernández Ameneiro: Sí, o PP tería dous representantes nas comisións 1, 3 e 5, e un nas outras tres. E o PSOE tería dous representantes nas comisións 2, 4 e 6, e un nas outras tres.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Poderías dicir os nomes?

Sr. Alcalde: Os nomes? A número un sería Comisión de Urbanismo e Industria, tería dous o PP; a tres sería Facenda e Patrimonio, e a cinco, Cultura, Deportes, Ensino, Mocidade e Política Lingüística. Queres os outros, Manolo? Non?

Acto seguido sométese a votación o asunto e o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á proposta da Alcaldía, coa emenda xa citada, e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

Primeiro.- Para o estudo, informe ou consulta dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno, así como para o seguimento da xestión do Alcalde, a Xunta de Goberno Local e dos/as concelleiros/as que ostenten delegacións, apróbase a creación das seguintes Comisións Informativas Permanentes e da Comisión de Contas:

1.- COMISIÓN DE URBANISMO E INDUSTRIA. Constará de sete (7) membros (2 BNG, 2 PP, 1 PSOE, 1 EU-IU, 1 IPMU)

2.- COMISIÓN DE OBRAS, SERVIZOS, PERSOAL, MEDIO AMBIENTE E PARQUES. Constará de sete (7) membros (2 BNG, 2 PSOE, 1 PP, 1 EU-IU, 1 IPMU)

3.- COMISIÓN DE FACENDA E PATRIMONIO. Constará de sete (7) membros (2 BNG, 2 PP, 1 PSOE, 1 EU-IU, 1 IPMU)

4.- COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E SANIDADE. Constará de sete (7) membros (2 BNG, 2 PSOE, 1 PP, 1 EU-IU, 1 IPMU)

5.- COMISIÓN DE CULTURA, DEPORTES, ENSINO, MOCIDADE E POLÍTICA LINGÜÍSTICA. Constará de sete (7) membros (2 BNG, 2 PP, 1 PSOE, 1 EU-IU, 1 IPMU)

6.- COMISIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, FORMACIÓN, EMPREGO E TURISMO. Constará de sete (7) membros (2 BNG, 2 PSOE, 1 PP, 1 EU-IU, 1 IPMU)

7.- COMISION ESPECIAL DE CONTAS.- Para dar cumprimento ao disposto no artigo 59 da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 127 do R.O.F., coas competencias previstas nos artigos 67 da Lei 5/97, xa citada, e no 127 do R.O.F.

Segundo.- A periodicidade das sesións ordinarias será mensual, agás as de:

- COMISION DE URBANISMO, INDUSTRIA, que será quincenal.
- COMISIÓN DE OBRAS, SERVIZOS, PERSOAL, MEDIO AMBIENTE E PARQUES, que será quincenal.
- COMISIÓN DE CONTAS.

Terceiro.- O día e hora das Comisións será fixado polos/as Presidentes/as de cada unha delas.

6.- NOMEAMENTO REPRESENTANTE DO CONCELLO NA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL.

O Pleno da Corporación por cinco votos a favor (5 BNG) e 8 abstencións (3 PSOE, 3 PP, 1 EU-IU, 1 IPMU) acorda prestar a súa aprobación á proposta da Alcaldía que copiada literalmente di:

“De acordo co disposto nos Estatutos da Mancomunidade a representación deste Concello será ostentada pola Alcaldía, e o seu substituto será a primeira Tenente de Alcalde, Dna. CAROLINA CRUZ FERNÁNDEZ”.

7.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN.

O Concello Pleno, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á proposta da Alcaldía que copiada literalmente di:

“Constituída a nova Corporación o 16.06.2007, e co fin de dar cumprimento ao disposto na disposición adicional novena do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo R.D. Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, é necesario proceder á designación da Mesa de Contratación deste Concello.

En consecuencia esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- Constituír a nova mesa de contratación que está integrada do seguinte xeito:*

Presidente: *O sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro/a en quen delegue.*

Vocais: *- Un/unha concelleiro/a polo grupo municipal PSdeG-PSOE*

- Un/unha concelleiro/a polo grupo municipal EU- IU

- Un/unha concelleiro/a polo grupo municipal BNG

- Un/unha concelleiro/a polo grupo municipal IPMU

- Un/unha concelleiro/a polo grupo municipal PP

- O/A Interventor/a do Concello.

- O/A secretario/a da Corporación.

Secretario/a: *Un/unha funcionario/a do Concello.*

2.- De conformidade co disposto no artigo 81.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo R.D. Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, a Mesa de Contratación poderá solicitar antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos e se relacionen co obxecto do contrato”.

8.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE NOMEAMENTO DE DELEGADOS/AS DA ALCALDÍA NAS DISTINTAS ÁREAS DE GOBERNO.

Dáse conta das resolucións da Alcaldía núm. 392/2007 de 26 de xuño de 2007, e da núm. 407/2007, de 29 de xuño de 2007, pola que se modifica a anterior, relativas ao nomeamento de delegados/as da Alcaldía nas distintas áreas de goberno.

O Pleno do Concello dáse por enterado.

9.- RETRIBUCIÓNS, ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS AOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Sr. Alcalde: A proposta que se trae é a dedicación exclusiva do alcalde, que serían 30.000 euros pagadoiros en catorce mensualidades, dedicacións parciais non existen, as asistencias a percibir polos membros da corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, por asistencia efectiva ás sesións de órganos colexiados da corporación serán as seguintes:

- Sesións do Pleno: 120 €/sesión.

A estes efectos non se computarán nin aboarán máis de 25 sesións ao ano.

- Xuntas de Goberno Local: 120 €/sesión.

Non se computarán máis de 30 sesións ao ano.

- Comisións Informativas (incluída a Mesa de Contratación cun máximo de 20): 60 €/sesión.

A estes efectos non se computarán máis de 30 sesións ao ano para a Comisión Informativa de Urbanismo e Industria e para a Comisión Informativa de Obras, Servizos, Persoal, Medio Ambiente e Parques, e 20 sesións ao ano para o resto das Comisións Informativas, agás a Comisión Especial de Contas cun tope de 2 sesións ao ano.

- Xunta de portavoces: 100 €/sesión.

A estes efectos non se computarán máis de 14 sesións ao ano.

- Substitución da Alcaldía: 50 €/día.

A estes efectos non se computarán máis de 40 días ao ano.

Durante o período de substitución non se percibirán outro tipo de asistencias.

Dietas

As dietas rexeranse polo Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, salvo polo que se refire ás contías dos/as membros da Corporación.

Estas contías serán as seguintes:

- Dieta completa (manutención e aloxamento): 210,35 €
- Manutención: 84,14 €
- Aloxamento: 126,21 €
- Media dieta: 42,07 €

E por último, a asignación aos grupos políticos que sería:

- compoñente fixo é de 1.200 €/ano por grupo político
- variable de 612 €/ano por concelleiro.

Estame apuntando aquí, un momentinho, antes de entrar no tema, algo que non está recollido pero é verdade, no tema de substitución da Alcaldía, que se coincide no mesmo día coa Comisión de Goberno, pois efectivamente non lle interesa á persoa que estea substituíndo, pois perdería diñeiro; entón, digamos, darlle a oportunidade de que se ese día hai Comisión de Goberno e hai Pleno, pois que cobre asistencia pola Comisión de Goberno.

Sr. Secretario: Aquí ao mellor, simplemente un inciso, ao mellor habería que deixar redactado: “Non se computarán máis de 40 días ao ano. Se coincide con sesións dun órgano corporativo só se poderá percibir asistencia por un órgano e non polo día de substitución. Darlle unha redacción similar a iso, ou senón que quede pendente para a próxima.

Sr. Alcalde: Ben, en todo caso, ábrese unha quenda de palabras.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Eu ía dicir unha cousa pero vou dicir outra. Nós estaríamos dispostos a asumir o tema, loxicamente, pero nos parece que deberíamos

compensalo no sentido de que, dado que se mantiveron as indemnizacións para as comisións informativas nas mesmas tarifas que estaban con anterioridade, conxelando os IPCs, etc, etc... e si houbo unha subida do Pleno, para facer eses incrementos de retribución para todo o mundo, nós estaremos de acordo en incorporar esa nova modificación pero considerando que a Xunta de Goberno Local debería de manterse igual que o resto das comisións en 100 euros; igual que as demais comisións se manteñen conxeladas para retribución no Pleno, estimaríamos que se conxelara tamén a Xunta de Goberno, unha porque ten unha periodicidade maior, e dous, porque non sería proporcional á proposta que se fixo antes. Nada máis.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Eu simplemente teño unha pequena diferenza, polo tanto quero expresala con claridade, e refírome á substitución da Alcaldía. Paréceme que o concepto que se está barallando é erróneo, porque cando falamos, aínda que lle poñemos prezo, día por substitución, temos que velo como conxunto, é a miña opinión. Outra cousa distinta é que se queira disfrazar e en vez de poñer 40, estaba mirando se é 40, non sei se pon 40.

Sr. Alcalde: Son cincuenta.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Cincuenta? Pois cincuenta. Outra cousa é que en vez de poñer cincuenta se queira poñer sesenta, pero non ten sentido, na miña opinión, sentido ningún. porque é xustamente por enfermidade ou vacacións do alcalde cando se ve globalmente, non se ve por un día. Eu creo que iso é o sentido do tema. Outra cousa é que puidera quedar, e alguén o valore, eu non o creo así pero que alguén o valore, que o prezo día, o prezo do Pleno o gañe, esa é outra historia, pero a remuneración é unha remuneración conxunta. No caso do alcalde falamos de catorce mensuralidades, non falamos de día. Dá a impresión de que queremos disfrazar as cousas cando temos que falar con moita claridade. Ou son cincuenta ou son cincuenta e cinco, punto, ou sesenta, ou o que fose, pero non andar cambiando dun tipo a outro, se non hai Pleno non hai Pleno, e se hai Pleno é unha tarefa máis, é por estar aquí e punto. É a miña opinión e así a deixo reflectida.

Sr. Alcalde: A proposta da Alcaldía non ten problema en manter o que está posto, a proposta pode seguir mantendo a da Alcaldía, e, en todo caso, de darse máis adiante algunha tal... poderíase revisar, en todo caso, pódese revisar en calquera Pleno, pero se pode seguir mantendo esa proposta perfectamente, e despois, no tema das Comisións de Goberno varíase un pouco o criterio con respecto á anterior lexislatura. Na anterior lexislatura acordouse aquí en Pleno tamén que o órgano de goberno podía estar tamén á altura do que é o órgano do Pleno e, polo tanto, as retribucións debían de ser iguais; agora varíase o criterio, pois ben..., tampouco pasa nada, non vai ser a morte de ninguén, pero que conste que se varía o criterio con respecto á anterior lexislatura e que todos os grupos votaron a favor.

Sr. Rivadulla Fernández: Simplemente non imos dar unha batalla por unha cantidade que..., efectivamente o acaba de dicir o alcalde, hai un cambio de criterio en función de cando se está no goberno e na oposición mantemos posturas diferentes, pero ben... nós votaremos a favor da proposta porque nos parece máis ou menos semellante á que había antes, non supón cambios substanciais e manifestando a nosa reserva respecto á inxustiza que supón o tema do reparto por grupos, no que creemos que están primados excesivamente..., primados non, penalizados; canto

máis representación ten un grupo máis penalizado está respecto a outros que non teñen tanta representación.

Sr. Alcalde: En todo caso, coas correccións que apuntaba Juan Domingo e que apuntabas ti, que queda como estaba, eu diría de someter a votación a proposta.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Eu creo que mal empezamos se empezamos a pasarnos factura uns a outros. Eu non estou dicindo que non sexa 40, 50 ou 55, non estou dicindo nada diso, eu digo, expúxeno como razoamento global, paréceme que é máis xusto; eu xa non estou de acordo coa segunda parte, se a segunda parte do que acaba de expor Moisés hai que votalo, eu voto en contra, de todo no seu conxunto, porque creo que empezamos mal.

Sr. Alcalde: A proposta é a proposta que está aquí, coa modificación que apuntou o grupo popular, de que en vez de 120 que sexan 100, non? para Comisión de Goberno. Pola miña parte acepto a proposta e se vota.

Sra. Interventora: Simplemente dicir que na medida que se aumentan gastos, como aínda non está metido en presuposto, deberías acordar facer unha modificación ou metelo no presuposto ou arranxalo dalgunha maneira, senón non se podería pagar.

Sr. Alcalde: Ben..., pois entón tamén podemos..., para non facer outro Pleno, podémolo acordar aquí agora, unha vez aprobada a proposta, pois hai que facer unha modificación de crédito para poder facer fronte aos gastos.

Sr. Secretario: Un inciso entón. Simplemente agora se aproba a proposta feita polo sr. Alcalde, coa modificación do grupo popular; entón, poñeríase como un punto máis, adquirir o compromiso de que se tramite o correspondente expediente de modificación de crédito ou unha redacción similar a esta.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Eu creo que como, ademais, hai que publicalo, para o Pleno de fin de mes pode vir como un punto máis, unha vez que se inicie o trámite e se todo o mundo está de acordo; quero dicir, para non ter que convocalo, porque eu supoño que o expediente hai que aprobalo nun Pleno, que se aproveite o último de fin de mes, porque hai que publicalo e demais, e que despois veña; dígoo para non ter que facer outro.

Sr. Secretario: O acordo será efectivo a partir da toma de posesión?

Sr. Alcalde: Claro, da toma de posesión.

Rematado o debate, sométese a votación o asunto e o Concello Pleno por doce votos a favor (5 BNG, 3 PSOE, 3 PP, 1 IPMU) e unha abstención (1 EU-IU), acorda:

Primeiro.- Aprobar o réxime de dedicacións exclusivas e parciais aos cargos seguintes:

1.- Dedicacións.

a) Dedicación exclusiva:

- **ALCALDE:** Retribución bruta anual: 30.000 €, pagadoiros en 14 mensualidades.

b) Dedicacións parciais.

Non existen.

As contías asignadas como retribucións por dedicacións exclusivas e parciais experimentarán o incremento que as Leis de Presupostos do Estado establezan para o sistema retributivo do persoal ao servizo da Administración.

2.- Asistencias.

As contías a percibir polos membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial pola asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación serán as seguintes:

- Sesións do Pleno: 120 €/sesión.

A estes efectos non se computarán nin aboarán máis de 25 sesións ao ano.

- Xuntas de Goberno Local: 100 €/sesión.

Non se computarán máis de 30 sesións ao ano.

- Comisións Informativas (incluída a Mesa de Contratación cun máximo de 20): 60 €/sesión.

A estes efectos non se computarán máis de 30 sesións ao ano para a Comisión Informativa de Urbanismo e Industria e para a Comisión Informativa de Obras, Servizos, Persoal, Medio Ambiente e Parques, e 20 sesións ao ano para o resto das Comisións Informativas, agás a Comisión Especial de Contas cun tope de 2 sesións ao ano.

- Xunta de portavoces: 100 €/sesión.

A estes efectos non se computarán máis de 14 sesións ao ano.

- Substitución da Alcaldía: 50 €/día.

A estes efectos non se computarán máis de 40 días ao ano.

Durante o período de substitución non se percibirán outro tipo de asistencias.

3.- Dietas

As dietas rexeranse polo Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, salvo polo que se refire a contías dos/as membros da Corporación.

Estas contías serán as seguintes:

- Dieta completa (manutención e aloxamento): 210, 35 €
- Manutención: 84, 14 €
- Aloxamento: 126,21 €
- Media dieta: 42,07 €

No referente aos gastos de locomoción será de aplicación o disposto no R.D. 462/2002, do 24 de maio.

4.- Asignación aos grupos políticos.

De conformidade co establecido no artigo 73.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local asignase aos grupos políticos unha dotación económica formada por un compoñente fixo, idéntico a todos os grupos políticos, e outro variábel, en función do número de membros de cada un deles, que non poderá destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica desta dotación, que porán á disposición do Pleno da Corporación sempre que este o pida.

- O compoñente fixo é de 1.200 €/ano por grupo político.
- O variábel de 612 €/ano por concelleiro.

Segundo.- O presente acordo será de aplicación a partir da data de constitución da actual corporación e publicaráse no B.O.P e no taboleiro de edictos do Concello, en cumprimento do disposto no artigo 75.5. da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Terceiro.- Adquirir o compromiso de tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito para facer fronte aos gastos derivados da aprobación do presente acordo, se así for necesario.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e trinta e catro minutos do día ao comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe
O ALCALDE,